

Admisión ESO/BACHARELATO curso 2023/24

Normativa reguladora do procedemento:

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Prazos do proceso de admisión e matrícula:

Presentación de reserva no centro adscrito:	Do 16 de xaneiro ao 06 de febreiro
Publicación da listaxe do alumnado con posto reservado:	Antes do 22 de febreiro
Renuncia ao posto no centro adscrito:	Antes do 28 de febreiro
Presentación da solicitude de admisión:	Do 1 ó 20 de marzo
Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados:	21 de marzo ao 2 de abril
Data de publicación da listaxe provisional de admitidos:	25 de abril
Prazo de reclamacións á listaxe provisional:	26 de abril ao 2 de maio
Data de publicación definitiva de admitidos:	15 de maio
Prazo de formalización da matrícula:	23 de xuño ao 7 de xullo

Centros adscritos:

- CEIP Carlos Casares
- CEIP Mallón

Información sobre o proceso:

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, solicitando ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirse ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude de admisión que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

A Dirección do IES Escolas Proval